

c

por unidades móbiles de estacións de ITV, baixo control dos citados axentes.

Segundo.—A Agrupación de Tráfico da Garda Civil realizará as inspeccións conforme as instrucións que imparta o director xeral de Tráfico.

Terceiro.—Os axentes que practiquen inspeccións técnicas de vehículos en estrada levarán un rexistro onde conste o número de vehículos industriais inspeccionados clasificados por categorías, conforme o punto 6 do anexo I do Real decreto 957/2002, e por país de matriculación, así como os puntos controlados e as deficiencias encontradas de acordo co punto 10 do citado anexo I.

Cuarto.—Os subsectores da Agrupación de Tráfico da Garda Civil anotarán directamente no sistema informático da Dirección Xeral de Tráfico os datos recollidos das inspeccións técnicas de vehículos industriais en estrada, nun prazo inferior a un mes.

Quinto.—As Xefaturas Provinciais de Tráfico anotarán os datos das inspeccións técnicas complementarias de vehículos industriais practicadas nas estacións de ITV de acordo co artigo 6 do Real decreto 957/2002 das que tiveran noticia a través do órgano competente da comunidade autónoma da que dependa a estación de ITV.

Sexto.—Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 13 de febreiro de 2003.

ACEBES PANIAGUA

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

3501 *ORDE SCO/317/2003, do 7 de febreiro, pola que se regula o procedemento para a homologación dos cursos de formación do persoal que realiza as operacións de mantemento hixiénico-sanitario das instalacións obxecto do Real decreto 909/2001, do 27 de xullo. («BOE» 44, do 20-2-2003.)*

O Real decreto 909/2001, do 27 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexielose, establece no seu artigo 14 que as empresas que realicen tratamentos nas instalacións recollidas no artigo 2 deberán estar inscritas no Rexistro oficial relativo ós establecementos e servizos praguicidas da comunidade autónoma respectiva ou das cidades de Ceuta e Melilla. Ademais, o persoal dedicado a efectuar estas operacións deberá realiza-los cursos que para tal efecto homologue o Ministerio de Sanidade e Consumo por proposta das comunidades autónomas correspondentes e das cidades de Ceuta e Melilla.

Estes cursos pretenden proporcionarlle coñecementos ó traballador sobre a bioloxía e a ecoloxía da Legionella e os mecanismos de prevención e control axeitados, así como do manexo dos produtos químicos e dos riscos que levan consigo e a súa prevención. Esta orde dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución e de acordo co previsto no artigo 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Na súa elaboración foron consultadas as comunidades autónomas, as cidades de Ceuta e Melilla e os sec-

tores afectados. Na súa virtude, logo da aprobación do Ministerio de Administracións Públicas, dispoño:

Primeiro. *Obxecto.*—O obxecto desta orde é establecer os procedementos de homologación e autorización, así como os requisitos mínimos que deben reunir os cursos de formación, propostos polas comunidades autónomas e polas cidades de Ceuta e Melilla en cumprimento do disposto no artigo 14 do Real decreto 909/2001, do 27 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexielose, para a súa homologación polo Ministerio de Sanidade e Consumo.

Esta formación debe permitir que o persoal dedicado a efectuar operacións dirixidas á prevención e control da lexielose nas instalacións recollidas no artigo 2 do citado real decreto, adquira uns coñecementos hixiénico-sanitarios suficientes para realízalas eficazmente co mínimo risco, para o que deberá superar unha proba escrita sobre os contidos do curso.

Segundo. *Ámbito de aplicación.*—O disposto nesta orde é de aplicación ós cursos que realice o persoal dedicado ás operacións de mantemento hixiénico-sanitario, entendendo como tal o control hixiénico-sanitario e as operacións de mantemento e tratamento das instalacións obxecto do artigo 2 do Real decreto 909/2001.

Todo o persoal que traballe en operacións de mantemento hixiénico-sanitario, pertenza a unha entidade ou servizo externo contratado ou ben sexa persoal propio da empresa titular da instalación, debe dispoñer dun nivel de coñecementos suficientes para realizar esta función. Ademais deberán supera-los correspondentes cursos de formación, que conteñan como mínimo as materias recollidas no anexo desta orde.

Os responsables das instalacións incluídas no artigo 2 do Real decreto 909/2001 deberán dispoñer da documentación que acredite a formación que se impartiu ó persoal propio de mantemento encargado da realización destas operacións, salvo que o mantemento o realicen empresas externas rexistradas, caso en que será o responsable destas o encargado de dispoñer da devandita información.

Terceiro. *Homologación e autorización de cursos.*—A Dirección Xeral de Saúde Pública do Ministerio de Sanidade e Consumo homologará os modelos de cursos, para o persoal que realice operacións de mantemento e tratamento hixiénico-sanitario das instalacións incluídas no artigo 2 do Real decreto 909/2001, que as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla propoñan, de acordo cos criterios establecidos nesta orde e sempre que se adecúen, como mínimo, ós contidos recollidos no anexo.

A este respecto a Dirección Xeral de Saúde Pública emitirá unha resolución de homologación no prazo dun mes a partir da súa recepción.

Baseándose nesta homologación, as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla poderán autoriza-los cursos que se axusten ós devanditos modelos homologados.

Estes cursos poderán ser organizados por universidades, centros docentes ou por servizos oficiais. Estas entidades quedarán sometidas ás normas de vixilancia e inspección que sexan establecidas ó respecto por cada comunidade autónoma ou as cidades de Ceuta e Melilla.

Todo curso autorizado se poderá impartir tantas veces como sexa necesario, en tanto se manteñan os requisitos presentados inicialmente para a súa autorización, comunicando o lugar e as datas previstas de realización.

As solicitudes para a autorización dos devanditos cursos deberán dirixir ó órgano competente da comunidade autónoma ou das cidades de Ceuta e Melilla que

corresponda, e irán acompañadas, polo menos, pola seguinte documentación:

- a) Centro docente (nome, titularidade, etc.).
- b) Razón social.
- c) Número de horas do curso, tanto teóricas como prácticas.
- d) Número de alumnos.
- e) Director ou coordinador do curso.
- f) Relación de profesorado coa súa respectiva titulación e experiencia.
- g) Programa docente.
- h) Número de edicións.
- i) Lugar e datas previstas de celebración de cada edición.
- j) Lugar e materiais dispoñibles para a realización das prácticas.

As comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla deberán dar publicidade dos diferentes cursos autorizados e remitiranlle ó Ministerio de Sanidade e Consumo anualmente, no primeiro trimestre de cada ano, a relación de cursos autorizados no ano anterior, achegando a seguinte información:

- a) Centro docente (nome, titularidade, etc.).
- b) Razón social.
- c) Número de horas do curso, tanto teóricas como prácticas.
- d) Número de alumnos.
- e) Director ou coordinador do curso.
- f) Número de edicións.

Cuarto. *Recoñecemento mutuo de cursos.*—Un curso autorizado por unha comunidade autónoma ou polas cidades de Ceuta e Melilla poderá ser realizado noutra comunidade se se efectúa o recoñecemento mutuo do curso. Para iso, o promotor do devandito curso solicitará o devandito recoñecemento e presentará unha copia legalizada da primeira autorización. Así mesmo, porá á disposición, da comunidade autónoma ou das cidades de Ceuta e Melilla, calquera información que esta considere relevante para valora-la idoneidade do curso.

Quinto. *Certificados.*—As entidades que realicen cursos autorizados expedirán, trala realización das probas de avaliación correspondentes, un certificado de aproveitamento deste, para cada un dos alumnos inscritos que superaran as devanditas probas, incluíndo, polo menos, a seguinte información:

- a) Nome e dous apelidos.
- b) Documento nacional de identidade.
- c) Centro docente.
- d) Título do curso.
- e) Promotor do curso
- f) Número de horas teóricas e prácticas.
- g) Data de expedición.
- h) Sinatura do coordinador do curso ou titular do centro docente.
- i) Selo da entidade promotora do curso.
- j) Referencia á resolución administrativa de autorización.

Correspóndelles ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla, a través dos seus órganos competentes, o control das actividades das entidades que realicen estes cursos, os seus contidos, o profesorado e a expedición dos certificados, e calquera outra circunstancia que consideren conveniente.

Serán motivos de perda de autorización:

- a) O incumprimento por parte das entidades docentes das obrigas establecidas nesta orde.

- b) Non mante-las condicións ou contidos do curso baixo os cales se procedeu á súa autorización.
- c) A non superación do control de calidade.

As comunidades autónomas notificaranlle á Dirección Xeral de Saúde Pública do Ministerio de Sanidade e Consumo calquera incidencia que se produza en relación co mantemento da autorización dos cursos.

Os certificados de aproveitamento dos cursos expedidos en calquera comunidade autónoma ou nas cidades de Ceuta e Melilla terán validez en todo o Estado.

O persoal que realice operacións de mantemento hixiénico-sanitario realizará un curso cada cinco anos que supoña unha adecuación ós avances científico-técnicos dos contidos do anexo, a duración mínima do cal será de dez horas, e incluírá a actualización dos seus coñecementos sobre a lexislación vixente en materia de saúde pública e saúde laboral, identificación de puntos críticos e elaboración de programas de control.

Disposición adicional primeira. *Validación dos cursos.*

As entidades que realizen cursos con anterioridade á publicación desta orde, poderán solicitar, no prazo de tres meses, a súa validación á comunidade autónoma ou ás cidades de Ceuta e Melilla onde fosen impartidos sempre que se achegue a información recollida no punto 3. Para os efectos da súa validación, cada comunidade autónoma ou as cidades de Ceuta e Melilla valorarán a adecuación do contido dos cursos ós seus correspondentes modelos homologados.

Disposición adicional segunda. *Inscripción no Rexistro oficial de establecementos e servicios praguicidas.*

Para a súa inscrición no Rexistro de establecementos e servicios praguicidas, as empresas que realicen exclusivamente operacións de mantemento hixiénico-sanitario das instalacións obxecto do artigo 2 do Real decreto 909/2001, esixirase, ó seu persoal, o curso que se establece nesta orde, sen necesidade de realizar previamente os cursos de capacitación para realizar tratamentos con praguicidas, incluídos na Orde do 8 de marzo de 1994.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta disposición dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución e de acordo co previsto no artigo 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 7 de febreiro de 2003.

PASTOR JULIÁN

ANEXO

Programa do curso para o mantemento hixiénico-sanitario de instalacións de risco fronte á Legionella

1. *Importancia sanitaria da lexionelose (tres horas)*

Bioloxía e ecoloxía do axente causal.
Cadea epidemiolóxica da enfermidade.
Sistemas de vixilancia epidemiolóxica.
Instalacións de risco.

2. *Ámbito lexislativo (1) (tres horas)*

Introducción ás bases xurídicas da responsabilidade das empresas na prestación de servicios para a prevención da lexionelose, incluíndo a formación actualizada dos seus traballadores.

Normativa relacionada coa prevención e control da lexionelose, as substancias e preparados perigosos, auga de consumo humano, praguicidas e biocidas, instalacións térmicas de edificios e verteduras industriais.

3. *Criterios xerais de limpeza e desinfección (tres horas)*

Coñecementos xerais da química da auga.

Boas prácticas de limpeza e desinfección.

Tipos de produtos: desinfectantes, antiincrustantes, antioxidantes, neutralizantes, etc.

Rexistro de produtos. Desinfectantes autorizados.

Outros tipos de desinfección: físicos e fisicoquímicos.

4. *Saúde pública e saúde laboral (dúas horas)*

Marco normativo.

Riscos derivados do uso de produtos químicos.

Danos para a saúde derivados do uso de produtos químicos. Medidas preventivas.

5. *Instalacións de risco incluídas no ámbito de aplicación do Real decreto 909/2001 (catro horas)*

Deseño, funcionamento e modelos.

Programa de mantemento e tratamento.

Toma de mostras.

Controis analíticos.

6. *Identificación de puntos críticos. Elaboración de programas de control (dúas horas)*

7. *Prácticas (sete horas)*

Visitas a instalacións.

Toma de mostras e medicións «in situ».

Interpretación da etiqueta de produtos químicos.

Preparación de disolucións de produtos a distintas concentracións.

Formalización de follas de rexistro de mantemento.

8. *Avaliación*

Proba escrita sobre os contidos do curso (1 hora).

(1) Lexislación:

Real decreto 909/2001, do 27 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexionelose.

Real decreto 363/1995 e Real decreto 1078/1993, de substancias e preparados.

Real decreto 1138/1990, de augas de abastecemento e Directiva 98/83/CE.

Real decreto 3349/1983 de praguicidas, modificacións e normativa das CCAA sobre ROESP e Directiva 98/8/CE de biocidas.

Real decreto 1751/1998, RITE.

Normativa estatal ou da CCAA relativa a verteduras de augas residuais industriais.

Lexislación comunitaria.

Outras lexislacións aplicables á data de realización do curso.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

3596 *REAL DECRETO 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano. («BOE» 45, do 21-2-2003.)*

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, estableceu a obriga das administracións públicas sanitarias de orientar as súas actuacións prioritarias á promoción da saúde e a prevención das enfermidades.

A citada lei prevé que as actividades e produtos que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias negativas para a saúde, sexan sometidos polas administracións públicas a control por parte destas e a levar a cabo actuacións sanitarias para a mellora dos sistemas de abastecemento das augas.

O Real decreto 1138/1990, do 14 de setembro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para o abastecemento e control de calidade das augas potables de consumo público, incorporou ó noso ordenamento xurídico a Directiva comunitaria 80/778/CEE, do 15 de xullo de 1980.

A publicación da Directiva 98/83/CE, do 3 de novembro de 1998, esixe a súa incorporación ó dereito interno español coa elaboración dun novo texto que recolla as novas especificacións de carácter científico e técnico e posibilite un marco legal máis acorde, tanto coas necesidades actuais, coma cos avances e progresos dos últimos anos no que ás augas de consumo humano se refire, establecendo as medidas sanitarias e de control necesarias para a protección da saúde dos consumidores, sendo este o obxecto principal desta disposición.

Dada a importancia deste tema para a saúde humana, faise necesario o establecemento a escala nacional de criterios de calidade da auga de consumo humano.

Estes criterios aplicaranse a todas aquelas augas que, independentemente da súa orixe e do tratamento de potabilización que reciban, se utilicen na industria alimentaria ou se subministren a través de redes de distribución públicas ou privadas, depósitos ou cisternas.

Fíxanse parámetros e valores paramétricos que hai que cumprir no punto onde se pon a auga de consumo humano á disposición do consumidor. Estes valores baséanse principalmente nas recomendacións da Organización Mundial da Saúde e en motivos de saúde pública aplicándose, nalgúns casos, o principio de precaución para asegurar un alto nivel de protección da saúde da poboación.

Os programas de control de calidade da auga de consumo humano deberán adaptarse ás necesidades de cada abastecemento e cumprilos criterios de calidade previstos nesta disposición.

As substancias utilizadas no tratamento de potabilización da auga e produtos de construción instalados no abastecemento e nas instalacións interiores poden afectar a calidade e salubridade desta, por iso, e sen prexuízo do previsto nesta norma, regularanse por normativa específica.

Ante incumprimentos dos criterios de calidade que sinala esta disposición, será necesaria a investigación da causa subxacente e garantir que se apliquen o antes posible as medidas correctoras e preventivas para a protección da saúde da poboación abastecida. En determinadas condicións poderanse conceder excepcións, cando a subministración de auga no abastecemento non se poida manter por ningún outro medio razoable e sempre e cando non haxa un risco potencial para a saúde da poboación.

As decisións sobre o control da calidade da auga de consumo humano, así como a adopción de medidas